



EDUCACIÓN
RESPONSABLE

GALICIA

Eu quédome na casa



Ideas e actividades para fomentar o desenvolvemento
emocional, social e da creatividade

Somos rede

#YomequedoencasaER



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

O programa **Educación Responsable** busca dar resposta máis aló da aula. Especialmente nesta situación que estamos a vivir quere ofertar un plan **en familia**.

Consiste en realizar **unha actividade ao día** de entre as que se propoñen a continuación, alternando os recursos **para potenciar a Educación Emocional, Social e Creativa** desde diferentes perspectivas

Animádevos a ir **pasando por todos os recursos educativos** para traballar desde diversas artes (literatura, música e artes plásticas e visuais) así coma no banco de ferramentas audiovisuais.

*Que boa oportunidade para vivir
unha nova experiencia xuntos!*



En Educación Responsable trabállanse as variables:



Desenvolvemento afectivo

- Identificación y expresión corporal
- Autoestima
- Empatía

Desenvolvemento Cognitivo

- Autocontrol
- Toma de decisións responsables
- Actitudes positivas cara a saúde

Desenvolvemento Social

- Habilidades de interacción
- Habilidades de autoafirmación
- Habilidades de oposición asertiva

Desenvolvemento Creativo

*Ponas en
práctica
en familia!*

Banco de Ferramentas

Infantil, Primaria e Secundaria



O Banco de Ferramentas, para a promoción de competencias emocionais, sociais e creativas traballa de xeito moi directo todas as variables do programa Educación Responsable a través de soportes audiovisuais e técnicas de participación activa.

As propostas seleccionadas plantexan de maneira lúdica aprender a interiorizar actitudes e habilidades que permitan ir medrando pouco a pouco en benestar, autonomía, responsabilidade, pensamento crítico, creatividade, solidariedade e felicidade.

Propoñémosvos algunhas actividades para desenvolver en familia que poidan facilitar este reto e vós, A familia! xogades un papel fundamental.

Infantil (3 a 6 anos)

“Recetas contra el aburrimiento”

“ Pasillos llenos de abrazos”

Primaria (6-12 anos)

“¿Gru, un papá genial!”

“La oca de las emociones”

Secundaria (12 a 16 anos)

“Diario de las emociones”

“Sonrie...y di ¿patata!”

Lectura e emocións (LEE)

Infantil



LEE busca promover o desenvolvemento, emocional, social e creativo en Educación Infantil a través da lectura.

A adquisición do hábito lector require persistencia e dedicación e so se consegue cunha longa práctica. A mediación lectora da familia supón unha canle emocional entre os libros e os nenos e nenas. Entendemos a lectura como un acto máis aló da idea de alfabetización. O concepto que queremos traballar é o ler como pracer, como fonte de emocións e experiencias únicas para o lector.

A lectura promove o entendimento, a capacidade de escoita, de comprensión, a imaxinación, achéganos a arte por medio das ilustracións e sobre todo, alégranos e mellóranos a vida.

Aproveitemos este período en familia para adicar tempo a lectura e crear unhas experiencias que nin nós nin os nosos fillos e fillas esquezan.

Disfrutemos da lectura en familia!

Infantil (3 a 6 anos)

“Dale vida a tu biblioteca familiar”

“Un poco de magia”

Literatura, Emocións e Creatividade (LEC)

Primaria e Secundaria



O valor pedagóxico da lectura está nas experiencias narradas, reais ou ficticias, que nos abren expectativas de vida e pódennos fortalecer persoalmente

A lectura é unha tarefa activa e comprensiva, mobiliza ao lector, conmóveo, despertando as súas emocións e a súa cognición.

A literatura ensina a vivir, da a posibilidade de interpretar o mundo a través das realidades que reflexan as historias e os seus perxonaxes.

Este proceso de empatía permite comprender os problemas dos outros e analizar os seus comportamentos. Deste xeito, podemos chegar a sufrir, alegrarnos dos acontecementos gratos, rirnos coas situacións de humor...

Aproveitemos este tempo para entregarnos a ela e compartila en familia. Educación Responsable a a partir das súas propostas de lectura, invítanos a mergullarnos en actividades lúdicas.

Primaria (6 a 12 anos)

“La estrella se está bañando”

“The star is bathing”

“Wimmelbild”

Secundaria (12 a 16 anos)

“Un poco de magia”

“¿Qué opinas? ¿Qué opino?”

RelexArte

Primaria e Secundaria



O obxectivo deste recurso é promover o desenvolvemento emocional, social e creativo do alumnado a través das artes plásticas e visuais.

Busca a inclusión da experiencia estética nos procesos de coñecemento, establecer contacto coa obra de arte e a súa comprensión de maneira didáctica e lúdica, a través da observación e do descubrimento.

Promóvense actitudes e habilidades socio-emocionais como a empatía, a identificación e expresión emocional, a escoita activa, o respecto doutras opinións, a asertividade, a autoestima e, por suposto, a creatividade!

Da man das exposicións do **Centro Botín** animámosvos neste período en familia a adicar tempo a disfrutar e crear experiencias únicas

Infantil (3 a 6 anos) e/ou Primaria
(6-12 anos)

“Pintar con el tacto”

Primaria (6-12 anos) e/ou Secundaria
(12 a 16 anos)

“Viaje entre espacios”

“Tejiendo emociones”

“Cartografías creativas”

O Coro das emocións

Infantil, Primaria e Secundaria



Recurso educativo deseñado para desenvolver, a través do canto en grupo, as competencias emocionais, sociais e creativas que constitúen o obxectivo do programa Educación Responsable.

Susténtase nunha convición clave: o canto coral constitúe unha poderosa ferramenta lúdica ao alcance de calquera, con independencia do seu talento musical para o desenvolvemento emocional, social e da creatividade das persoas.

A continuación propónse algunha idea e actividade para aproveitar este período en familia gozando da música e xerando unhas experiencias inesquecibles.

Que non pare a música!

Para todas as idades

“El pulso musical”

“Las manos que cantan”

“¡Agárrate que hay curvas¡”

“Nuestras canciones de casa”



@fundacionmbotin
@educacionfundacionbotin



@fundacionmbotin
@educacionfb



fundacionmbotin
Educación Responsable



@fundacionbotin
@educacionfb

#YomequedoencasaER

educacionresponsable@fundacionbotin.org



Comparte os teus traballos desde a casa e menciona as nosas redes sociais.



Na Rede ER participan máis de 400 centros educativos de Cantabria, Madrid, Navarra, A Ríoxa, Galicia, Murcia, Castela e León, Aragón, Comunidade Valenciana, Uruguay, Chile e México

Máis información en www.educacionresponsable.org

Máis recursos para as familias ER aquí.